

[Tirado de: http://reverseshot.org/symposiums/entry/106/us_go_home]

Aínda que o cinéfilo curioso e versado en Internet pode, sen moito problema, atopar unha maneira de ver o *U.S. Go Home* de Claire Denis, o seu medley perpetuo de temas pop dos sesenta (e as súas consecuentes dores de cabeza cos dereitos) fixo difícil o acceso a ela nos Estados Unidos. Iso é unha mágoa. Para os principiantes, o filme é unha gozada: toda esa música fantástica que atravesa a metrxaxe mantén a flote o seu entusiasmo xuvenil e fai a súa exploración tentativa máis profunda. Para os demais, é unha ventá ao seguinte filme de Denis, a súa secuela espiritual, *Nenette et Boni*, xa que Grégoire Colin e Alice Houri actúan nas dúas como irmáns. Pero onde esta última amosa a xuventude como unha fantasía, tan propensa á fantasía como á violencia, *U.S. Go Home* dinos que a xuventude é un baile. Ou quizais debería selo.

Un baile: seguir o teu corpo, sentir o espazo ao teu redor, sempre movéndose, sempre participante. Mesmo se estás bailando só estás bailando con alguén. Nace da expresión. Hai aquela sentenza de George Bernard Shaw de que bailar é a expresión vertical dun desexo horizontal, por suposto, e iso é verdade bastante a miúdo, especialmente entre os novos e saídos. Máis curioso é o desexo adolescente elemental pola auto-expresión – se entendemos iso como articular a propia individualidade – a pesar de que bailar música pop estea tan frecuentemente baseado na repetición. Cando os mozos bailan é unha especie de xogo de correspondencias, onde moi poucos tratan de quedar por riba dos demais. Parte do xogo, sempre, é impresionar, pero seguramente bailarás nun recuncho solitario se non podes bailar con ninguén excepto ti mesmo. Non podes forzalo. Tes que sentilo, e deixalo medrar. Déixaste levar.

U.S. Go Home é un filme de noite de festa. A Martine de Houri narra, e aínda que é o seu desexo de perder a virxindade o que fai arrincar a noite e o filme, o Alain de Colin ábreo cun monólogo sobre os riscos da sexualidade para a honra dun mesmo.

Viven coa súa nai nun barrio das aforas de París á beira dunha base do exército americano, lonxe dabondo da cidade como para que a néboa/polución manche o horizonte, e manteña o distante distante e fóra da vista. Poderíamos dicir que a distancia encerra a esta xente no seu lugar. O seu mundo é modesto e non hai moito espazo para desafogar, podería parecer, fóra das noites de festa e a ventá de liberdade que unha canción pop pode abrir. Pero o filme en si mesmo non é ansioso; en lugar diso reproduce o *angst* con observación paciente. Hai arranques de luz e movemento – é inevitable cos rapaces – e na súa maior parte reflicte o estilo de elusión narrativa de Denis. A súa duración dunha hora soamente predica algo da súa calidade abrupta, pero nada parece apurado. E hai esa música que segue soando, que segue mantendo os membros en movemento, que mantén aos rapaces espertos pola noite. A música conta a historia tanto como o (mínimo) diálogo ou as consecuencias narrativas.

Denis fixo *U.S. Go Home* como parte dunha serie de televisión chamada *Tous les garçons et les filles de leur âge...* que deu a nove directores (entre eles, Akerman e Assayas e Téchiné) unha oportunidade para facer filmes sobre adolescentes ambientados na era da súa propia adolescencia, aínda que non necesariamente autobiográficos, cunha estipulación narrativa maior: ten que haber unha escena de festa. Así que este compromiso co baile non é particular do filme de *Denis per se*. De feito, non só está limitado a este filme de Denis – os corpos e o movemento son un motivo recorrente que atravesa a súa obra. Despois de *L'Intrus* (do que poderíamos dicir que é, entre outras cousas, o seu filme sobre as capacidades corpóreas e metafísicas do corazón), Denis fixo *Vers Mathilde*, un documental sobre a coreógrafa francesa Mathilde Monnier, que trata explicitamente sobre como habitamos o espazo, como cambiamos calquera espazo no que participamos, e como competimos polo espazo, simplemente estando presentes e activos. Esta é unha boa maneira de definir a súa obra mestra *Beau Travail* máis aló da etiqueta común “*Billy Budd* na Lexión Estranxeira Francesa”, a pesar do apta que sexa esa sinopse. Aquel filme, no que tamén actúa Colin, amósanos unha escena detrás de outra de homes medio espidos, todo músculo, atrapados en performances rituais; é un filme de adestramento, pero semella exercicio de danza, non preparación militar. O adestramento implica correr e nadar e abrazar; o único golpe lanzado semella máis ben unha transferencia máxica – o feitizo cerimonial só se rompe ao final (quizais o mellor final no cinema) cando Denis Lavant deixa todo solto, se envorca en piruetas, xira como unha buxaina e remata caendo ritmicamente fóra da pantalla. Hai unha escena similar en *U.S. Go Home*, pero vén antes, cando o Alain de Colin se sacude só co “*Hey Gyp*” de Eric Burdon and the Animals. Canta sobre o tema, brinca pola habitación golpeando o ceo, rebota na súa cama, deléitase a si mesmo, todo nunha toma. O único problema é que non está só. Dámonos conta de que non só está sendo observado por nós, senon tamén pola súa irmá, Martine, mentres compartiamos a súa vantaxe. Ela tenta cortarlle o rolo, chamándoo tolo, e el, típico adolescente, pregunta por que non pode ter algo de privacidade.

TEMOS QUE SAÍR DESTE LUGAR

RYLAND WALKER KNIGHT

Un baile: un evento organizado arredor das posibilidades, un preludio a tantas cousas, a mellor maneira de conseguir foder. Martine e a súa mellor amiga Marlène (Jessica Tharaud) marchan do primeiro destino – nenos bailando cos pais, un pai liderando unha conga – e buscan o seu camiño a unha auténtica festa (sen pais) coas luces baixas e a música altísima, onde xente nova máis maior bebe priva e fuma cigarros e líase. Na pista de baile, a cámara voa arredor das variadas parellas mentres o “House of the Rising Sun” dos Animals atrona; todas as mozas se apertan aos seus rapaces. Logo a canción cambia, colle velocidade, e a cámara dáse a volta. Entre sorrisos e corpos balanceándose, vemos a Martine e Marlène perdidas, aínda vestindo os seus abrigos, aínda buscando a Alain como punto de apoio, aínda no limiar. As nosas rapazas non pertencen a ese lugar, pero ábrese paso á festa. Entran na colmea dos guais, aínda espectadoras, e Marlène espía a Alain bailando, agarrando de preto a unha rapaza, movendo en lentos círculos. Alain ignóraas. Non llo vai poñer fácil. As rapazas terán que buscar o seu propio camiño cara a multitude, cara o baile, e de feito fano. Marlène móvese primeiro, rápida en soltar o pelo e pedir un cigarro, mentres Martine rosma. En xeral, a Marlène vaille mellor porque está lista, porque se rende, déixase levar, divírtese coas novas regras e os novos roles que esta noite inicia. Porén, Martine non está estritamente atrapada polo seu comportamento: cando lle pide un cigarro ao mesmo rapaz, el ignora a súa súplica dicíndolle que Marlène é guapa e marcha. Despois de todo, Marlène é unha rubia pálida con grandes beizos e Martine unha desvalida arabesca con pelo embarullado, o que apunta ao sutil racismo na dinámica social da festa.

A festa (o filme) pode non ser unha alegoría, pero o político ven á cabeza ao rematar. O propio título do filme e a repetición de toda esta música pop comercial comeza a soar sospeitoso, ou curioso. Quen pide que os ianquis se vaian, de todas formas? Ao final, só escoitamos a Martine dicir a liña, repetindo como un papagaio unha protesta que dificilmente pode preocuparlle menos, outro sinal de lixeirza adolescente – e a peculiar hipocrisía, ou como mínimo ironía, do mundo deste filme. Non é unha gran sorpresa que Anne Wiazemsky, aquela princesa da esquerda, escribira o guión con Denis, botando sobre o idilio de provincias unha sombra americana e coloreando a petulancia dunha liña como “Son un comunista, non bebo Coca-Cola” con dúbida e algo de diversión. O chiste é sobre os rapaces, case, xa que son uns desarraigados. Só sucede que Alain ten a idade adecuada para ser seducido polos roxos e que Martine planta un himno esquerdista (que sen dúbida coñeceu polo seu irmán) na cara dun americano.

A traxedia en *U.S. Go Home*, podería parecer, é como o dese-

xo bloquea a diversión, como as motivacións son sempre sospeitosas na xuventude. A pesar de que Marlène se deita con Alain, ningún parece feliz. Logo de atopalos, Martine semella a máis ferida e decepcionada, e cando Alain tenta consolala, tranquilízala co seu vínculo familiar, Marlène interrompe – e Alain foxe. E entón os irmáns atopan a Vincent Gallo. Gallo interpreta ao Capitán Vido Brown. Síntese só, sentado e bebendo Coca-Cola embotellada coa porta do coche aberta. Cando Martine e Alain pasan por diante, Martine pídelles que os leve, e a pesar de ser cauteloso, Brown acepta achegalos. Mesmo lles ofrece as dúas últimas sodas, que Alain rexeita cos motivos políticos citados antes. Alain deixa claro que no pode soportar ao home do exército, e Brown implora a Alain que se relaxe e non lle esnaquice o coche, pero Alain marcha, deixando a Martine soa. A Martine non parece que lle importe, a verdade, e tampouco a Brown. El déixaa seducilo, aínda que os ollos de Gallo nos contan que é un xogo parvo. El dálle unha volta, abrázaa, faille pasar o amencer. Quizais faino porque quere, pero seguramente faino porque, como di, é desgraciado.

Pero o filme non afasta ao americano máis do que o fai Martine; cada un está só nun mundo de optimismo, que vemos que é equivalente a (ou que tal postura só leva a) un mundo de decepción. Alain, pola outra banda, semella vivir nun mundo de dor, sempre en desacordo. Posto doutra maneira, o seu mundo é o seu propio e ve ameazas dende cada ángulo, cada corpo, cada palabra; calquera, dende unha súplica de comprensión a unha desculpa. Soba ás rapazas que abraza e míraas cunha luxuria tan intensa como a forza das súas mans. É gracioso e lóxico, entón, que estea máis vivo bailando só na súa habitación, prometendo unha cousa detrás de outra – cousas que ningún comunista querría, como un Chevrolet – se puidera ter algo do amor dunha rapaza. E, perfecto hipócrita, tan pronto como se atopa con algunha tenrura, víralle as costas e marcha furioso sen camiseta.

Realmente, todos os filmes adolescentes son, no corazón, o mesmo porque todos os adolescentes son o mesmo: todos anhelan encher un oco, cumprir algunha expectativa á que se agarran ou coñecen dentro dunha lóxica privada. E Denis nunca xulga as decisións destes adolescentes: o seu estilo flota sobre o mundo, a unha distancia (a pesar de que a súa cámara é moito máis móbil que, digamos, a de unha das súas inspiracións, Ozu). Captura a riqueza da vida observando o comportamento, e logo déixanos desenvolver a imaxe. O que Martine aprende no coche con Brown é que para perder a súa virxindade vai ter que dar algo, e que flirtear pode ser divertido – a pesar de que a barreira idiomática lle axuda a distanciarse da situación e fai da interacción máis ben un xogo con este home maior, ferido, menos agresivo. O baile baile a pena o risco. Pero iso non fai que o mundo pare de xirar. (...)

CINECLUBE DE COMPOSTELA

ABR
2015

ASOCIACIÓN

O Cineclube tenta ser unha asociación autosexionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as)
① cineclubedecompostela.blogaliza.org
facebook.com/cineclubedecompostela
@cineclubedecompostela@gmail.com

PROYECCIONES

Todos os mércores na
Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21.
Santiago de Compostela)
Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

8 DE ABRIL

Ás agachadas
(*Hide and Seek*, Su Friedrich,
EUA, 1996, 63', VOSG)

15 DE ABRIL

US Go Home
(*US Go Home*, Claire Denis,
Francia, 1994, 58', VOSG)

22 DE ABRIL

Durme, durme, meu amor
(*Duerme, duerme, mi amor*,
Francisco Regueiro,
España, 1975, 90', VO)
Presentación do libro *Me
enveneno de cine: En
destrucción en la obra de
Francisco Regueiro* con **José
Luis Castro de Paz**

29 DE ABRIL

O home de vime
(*The Wicker Man*, Robin Hardy,
EUA, 1973, 88', VOSG)